


## Revista do CPI Tomás Terrón Mendaña – Sobradelo

Cursos 2019 - 2020 / 2020 - 2021



## **EDITORIAL**

Hasta nunca curso 20/21!!!

Persoalmente , nunca tiven tanta ganas de que chegase un fin de curso. No meu calendario carcelario fun tachando cada día e cada semana para que chegásemos a bon porto sen moitas alteracións. Foi un curso duro, de moito traballo e preocupacións que, entre alumnos e docentes se fixo moito más levadeiro e cun resultado global moi moi positivo.

Así e todo sigo levando mal os remates de curso. Cheguei a conclusión de que no me gustan os cambios. E o mes de xuño se caracteriza polos cambios e as despedidas.

Despedir en primeiro lugar os nosos alumnos e alumnas; uns, ata setembro como son os nenos de infantil, primaria e secundaria ata 3º de ESO. Por favor disfrutade do verán pero con "sentidiño". Decir ata sempre a alumnos como Lidia, Dayana, Pablo, Marcos e Jonathan os nosos alumnos de 4º de ESO, que, para o vindeiro curso comenzarán unha nova etapa tan fundamental e decisiva como esta que agora rematan.

A parte de botalos xa de menos, desexámoslles o mellor e lles decimos que sempre poderán contar co centro e cos que aquí continuemos.

Outras despedidas ineludibles son as das diferentes compañeiras; que regresan as súas zonas de orixe: María, Xema e Laura desexámoslles boa sorte nos seus novos destinos agradecéndolles o servizo prestado.

A Mónica infantil, agradecer a túa colaboración, espero volver a coincidir contigo, sei que pola zona estarás. A Adriana, María, Luisa, Patricia e Mónica (francés) decímosvos un ata logo (ou iso espero) e xa sabedes que queremos poder continuar contando con vos en setembro. Agradecer a vosa labor e implicación.

Por último e deixo para o final a despedida más especial; Luis, profesor de Lingua española, que despois de vinte anos se toma un merecido descanso, pequeno, espero.

Espero e desexo que se cumpran todas as túas expectativas con respecto a este ano sabático.

Chegaches a este centro no ano 2001, case empezamos xuntos no CPI Tomás Terrón. Neste cole pequeño, tamén se conseguiron grandes logros, e ti, Luis, fuches sen dúbida un elemento decisivo nesa andadura.

A lo largo destes anos e neste sitio vivimos moitas situacións e moitas anécdotas, das que, xa case, a partir de agora, non falaremos porque non teremos con quen lembralas.

Aínda que se trata dunha despedida provisional, espero que sexa iso, provisional, e que regreses ao ensino. Estamos faltos de bons profesionais, e ti es un deles.

Mentras, vaia por diante a miña admiración, agradecemento e gratitud pola túa profesionalidade, disposición e colaboración ata o final. Ata setembro de 2022!!! Aquí te esperamos.

Para os que continuamos, Gemma, Sabrina, Susana, Juan, Juanjo e Marcos, agradecer a colaboración e o traballo desenvolto ao longo deste curso tan complicado. Quero tamén destacar de xeito especial a implicación de Miguel, profesor de EF polas súas iniciativas e dedicación aos rapaces. Grazas por estar sempre ahí.

Tamén de xeito especial a miña gratitud ao persoal de cociña e o de limpeza por redoblar esforzos. A todos, desfrutemos das merecidas vacacións, descansemos , carguemos pilas e.... vémonos en Setembro. Feliz verán a todos e todas!!!

# ÍNDICE

CHEGA O SAMAÍN A SOBRADELO 2019.....	4
O SAMAÍN ENMASCARADO 2020.....	6
MAGOSTO.....	7
DÍA CONTRA A VIOLENCIA SEXISTA.....	9
O NADAL.....	11
A NOSA VIAXE A MADRID.....	13
DÍA DA PAZ.....	14
ENTROIDO 2020.....	15
ENTROIDO 2021.....	16
<b>A NATUREZA CON ANXO MOURE.....</b>	<b>17</b>
O VALOR DE EMPRENDER.....	18
A MIÑA MASCOTA.....	21
I CONCURSO DE DIBUJO DEL CLUSTER DE LA PIZARRA.....	22
VISITA A LAS PIZARRAS "LOS TRES CUÑADOS".....	24
COÑECEMOS A .....	26
FEITOS CURIOSOS.....	28
CITA A CEGAS.....	30
DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.....	31
DÍA DAS LETRAS GALEGAS.....	32
I TORNEO DE PIN PON.....	34
RAFTING NO MÍTICO RÍO SIL. O RÍO DO OURO.....	35
ANDAINA POLO RÍO GALIR.....	36
ESTRUCTURAS RESISTENTES.....	37
EL GUERNICA DE SOBRADELO.....	38
ROSALIAS AL ESTILO ANDY WARHOL.....	39
GUTI MALABARISTA.....	40
DESPEDIDAS ALUMNOS 4º ESO.....	41
ATA SEMPRE LUIS.....	43
FOTO GRUPO.....	44

## CHEGA O SAMAÍN A SOBRADELO 2019

Benvidos ao Samaín do CPI Tomás Terrón. Quero contarvos unha historia, por certo, esto ocorreu de verdade, non é unha invención pero avísovos que pon os pelos de punta, escoitade:

Todo comezou hai moitos anos nas montañas nevadas de Sobradelo. Un grupo de nenos decidíu pasar unha noite no cemiterio do pobo, alí ouviron todo tipo de ruídos estraños e inexplicables, aterrorizados decidiron voltar ás súas casas, cando de súpito unhas badaladas estridentes resoaron como mísliles nas súas cabezas, pensaron que toda a xente ía espertar alarmada.

Á mañá nada máis erguerse, os nenos preguntaron a todos os veciños se escoitaran atronar as campás a noite anterior, pero ninguén ouvíu nada.

Rematado o día cando as badaladas da igrexa anunciaban a media noite e os nenos abriron as súas camas atoparon cadansúa mensaxe debaixo da almofada, dicía así:

“O día 30 de outubro de 2020 o colexio de Sobradelo encherase de espíritos malignos”.

Algúns destes enviados do mal foron fotografados facendo das súas no centro, aquí tedes unha pequena mostra destas criaturas terroríficas.



Todos os alumnos e profesores participamos activamente desta festa onde tivemos una gran variedade de actividades:

- Concurso de cabazas: A gañadora foi Lucía de 2º Primaria.
- Decoramos as portas do centros como podedes ver nas fotos.
- Participamos en diferentes xogos de memoria e habilidade.
- Concurso de disfraces, as gañadoras foron Dayana e Yasmina.



## **Ó SAMAÍN ENMASCARADO 2020**



## **MAGOSTO**

Se hai algunha festa típica do Outono esta é o Magosto, tempo de conversas arredor do lume comendo castañas. Este ano por mor da pandemia da COVID-19 non nos permitíu celebralo como quixeramos, pero imos lembrar o ben que o pasamos o ano pasado co desexo de que pronto voltaremos a facer estas actividades con normalidade.



Como cada ano a participación do concurso de tartas foi todo un éxito. Había doces de variados colores e sabores que todos puidemos probar e disfrutar. Grazas polo voso esforzo na realización destes manxares.



Os xogos populares non pasan de moda, tanto o alumnado coma o profesorado exercitaron a precisión coa rá, demostraron o seu equilibrio cos perigosos zancos, puxeron todo o seu empeño en ser os más fortes tirando da corda e moitos outros fixeron danzar a buxaina. Foi un día excepcional de convivencia, ledicia e moita festa.

**¡VIVA O MAGOSTO!**

## **DÍA CONTRA A VIOLENCIA SEXISTA**

Chegaba outro 25 de novembro ao CPI Tomás Terrón Mendaña e a nosa comunidade educativa volvía lembrar que outro ano máis debemos ter presente que hai unha conta pendente cos dereitos das mulleres. Nesta mesma sociedade que presumimos moderna, tolerante e avanzada, moitas mulleres e moitas rapazas padecen silenciosamente o desprezo, o maltrato, a humillación. No peor dos casos un feixe delas son asasinadas polos seus compañeiros, persoas que as trataron como se fosen unha posesión e non un ser humano.

As persoas que compartimos todos os días este espazo quixemos facer algo especial, que nos lembrase que esta é unha loita que non está gañada. Pensamos que un bo xeito de deixar testemuña deste día foi decorar a parede do cancha de fútbol con mensaxes de cada un de nós expresando o noso rexeitamento á violencia contra as mulleres maila nosa esperanza de rematar con esa lacra.

Así foi que organizamos diferentes actividades que rematarían plasmadas no muro do cancha en debuxos, grafittis e sentencias que alí quedarían para os vindeiros cursos. Dese xeito o alumnado de Infantil e Primaria estivo escouitando cancións que incluían mensaxes contra esta violencia contra as mulleres. Cada un deles escollía frases significativas e despois pintábanse na parede do campo de fútbol. Así mesmo e animados desde a clase de inglés, as alumnas e alumnos de primeiro e segundo da ESO achegaron as súas frases e eslóganes para deixar a súa pegada neste día de xusta reivindicación.

O alumnado de terceiro e cuarto da ESO estivo traballando en días anteriores, na clase de Lingua Española, os recursos literarios. O día sinalado, o alumnado debía decorar as paredes coas metáforas, antíteses, paralelismos e outros recursos que tiñan como tema condutor a violencia sexista e os sentimientos que agroman desa situación. Houbo quen, ao estilo dos grafiteiros clásicos, asinou as súas obras.

En definitiva, o 25 de novembro de 2019 non só será unha data para axudar a formar persoas máis xustas e solidarias, senón que as palabras e boas intencións quedarán gravadas nun espazo que outros seguirán usando no futuro e que poderán ler e compartir; oxalá a violencia contra as mulleres só quede nun mal recordo nos tempos que están por vir.



## **O NADAL**

Lembramos con nostalxia o festival de Nadal do ano 19, agardamos que no ano 21 celebremos esta festa que tanto nos gusta.

Tivemos una gran variedade de actuacións, comezando polos alumnos máis pequenos, os nenos de EI interpretaron "Unha árbore de Nadal", os rapaces de 1º e 2º de EP levaron a cabo a actuación "Hello Reindeer", os alumnos de 3º ESO demostraron as súas habilidades coa flauta e varios alumnos de diferentes cursos fixeron un baile de música moderna. A todos eles agradecer o seu esforzo e participación, temos a grandes artistas entre nós.





Para finalizar o festival fixemos a entrega de premios correspondentes a diferentes actividades convocadas dende o centro:

#### **CONCURSO DE REPOSTERÍA:**

Yessika 3º EP GAÑADORA DA TARTA AO MELLOR SABOR

Javi de 1º EP GAÑADOR DA TARTA AO MELLOR PRESENTACIÓN

#### **CONCURSO DISFRACES SAMAÍN:**

Yasmina e Dayana

#### **MELLOR POSTAL:**

Alba Alejandre Alonso

Despois da entrega de premios e para despedirnos, os alumnos de 3º 4º 5º e 6º de EP representaron a obra “Una navidad maravillosa”.



## **A NOSA VIAXE A MADRID**

Esta é a nosa viaxe a Madrid. Todo comezou moi cedo, despois dunha noite de insomnio e nervos, alí estabamos todos agardando para coller o tren na estación. Dende que comezou a viaxe ata que chegamos ao destino pasamos o tempo xogando e falando das nosas cousas e de todo aquello que íamos ver. Despois de catro horas chegamos á estación de Chamartín, collemos un metro que nos levou a ata a porta do Sol, e cando saímos á superficie puidemos disfrutar das luces de Nadal que adornaban case todas as rúas da capital. A primeira noite as mestras Gemma e Geni convidáronos a cear no McDonals, cando rematamos dirixímonos ao hotel que tiña por todas as paredes firmas de personaxes famosos. Unha vez deixamos toda a equipaxe no hotel fomos a ver o musical do “ Rei León”, a verdade é que nos gustou moito e houbo algúun compañeiro que chegou a emociononarse. Cando rematou xa nos diriximos ao hotel a descansar xa que ao día seguinte voltabamos para a casa. Na viaxe falamos que na saída pasámolo xenial aínda que foi moi curta.



## **DÍA DA PAZ**

Como cada 30 de xaneiro celebramos o "Día internacional da paz e da non violencia". Esta data recorda a morte de Mahatma Gandhi, líder nacional e espiritual da India.

Dende o CPI Tomás Terrón Mendaña fixemos varias actividades que lembran que a educación ten que estar baseada na tolerancia, solidaridade e o respeito aos dereitos humanos, e por suposto nos centros educativos debemos ser instrumentos de paz e inclusión.

Aquí tedeis unhas imaxes das actividades que fixemos:



## **ENTROIDO 2020**

O día 21 de febrero celebramos no CPI Tomás Terrón un entroido espectacular!.

A primeira hora da mañá tivemos a visita dunha chea de personaxes de Cómic, Vilma dos Picapedra a sempre divertida Mafalda acompañada por Snoopy e Charlie Brown, os rexos galos Astérix e Obélix, menos mal que o druída Panoramix non traía nin gota de poción máxica. Non nos debemos esquecer dos numerosos unicornios máxicos, personaxes de Pokemon e por suposto do gañador do concurso de disfraces deste ano "O Soldado Ryan".

Pasámolo xenial, aquí podedes ver algúns deses disfraces e comprobar que foi un día para disfrutar da festa. Viva o Entroido!



## **ENTROIDO 2021**

Este ano da pandemia celebramos o Entroido sempre tendo presente as medidas de prevención que dictan as autoridades sanitarias.

Grazas a todos pola vosa participación e actitude que dada esta situación tan escura, tratastes de poñerlle cor coma sempre facedes. Destacar a gran variedade de disfraces e a inacabable imaxinación que poñedes á hora de sorprender a todos coas vosas propias composicións.

O ano que vén repetiremos, esperemos que sin mascarilla.



## **A NATUREZA CON ANXO MOURE**

O ano pasado recibimos a Anxo Moure na nosa escola e achegounos a importancia de respectar a natureza.

Pero quen é Anxo Moure?

Trátase dun escritor e contacontos coñecido fundamentalmente polas súas actividades cómicas e educativas con nenos, onde a posta en valor e o coidado da natureza centra a temática das súas intervencións. O seu modo de vida é un reflexo dos seus pensamentos que despois recolle nos seus contos. Con Anxo podemos conversar cos animais, acariñar ríos e mesmo poñerlle botas a un carballo, benvidos a este mundo de fantasía.



## O VALOR DE EMPRENDER

### Entrevista a Araceli Fernández

O mes de decembro de 2019, o CPI Tomás Terrón Mendaña recibiu a visita de Araceli Fernández del Palacio. A súa presenza formaba parte da programación da materia de Iniciación á Actividade económica e empresarial, que contemplaba a visita de emprendedores da comarca, para que o alumnado de cuarto de ESO coñecese de primeira man como é traballar nunha empresa en Valdeorras. Os dous grupos da materia recibiron á presidenta de AEVA e directora xerente de Adegas Godeval, na biblioteca do centro. Alí as alumnas e alumnos asumiron o papel de xornalistas e fixéronlle unha serie de preguntas relacionadas coas expectativas do emprendedor nesa comarca e o traballo diario na empresa. Velaquí achegamos unha selección das preguntas e das respostas de Araceli.

1. ¿Qué habilidades debería tener un buen emprendedor? *Alba*

**Tiene que ser valiente, pero primero saber qué es lo que quiere y conocer muy bien el terreno donde se va a meter. En cualquier sector empresarial, para ser empresario, convendría saber al menos lo que no se sabe y buscarlo. También tener una capacidad de decisión importante. Algo muy importante también es haber sido empleado antes, porque para dirigir una empresa tienes que tener empatía con la gente que trabaja contigo y no puedes mandar si no conoces la dificultad del trabajo.**

2. ¿Es difícil crear una empresa en Valdeorras? *Rodri*

**Es difícil crear una empresa en todo este país, porque hay una gran cantidad de burocracia lenta.**

**Si tú empiezas a hacer un análisis DAFO aquí hay un problema grave que, depende de qué tipo de empresa, lo puede afrontar o no: los problemas logísticos. Si tú quieres montar una empresa en Valdeorras, habrá gente que no quiere venir, porque tenemos el centro sanitario a dos horas o los transportes de mercancías son muy caros; o que no te quieren servir porque no es rentable venir hasta aquí.**

3. ¿Cómo puede ayudar AEVA a abrir un negocio? *Desi*

**AEVA fundamentalmente te da lo que es la información necesaria para abrir un negocio, es decir, si tú quieras ser empresario cualquier duda que tengas vas allí y te pueden informar de lo que necesites, como por ejemplo, el tipo de financiación.**

**En resumen, cualquier cosa que tú quieras conocer, desde el punto de vista empresarial para abrir un negocio, allí te pueden ayudar.**

4. ¿Cuántas empresas hay en Valdeorras? *Alba*

**No sé, pero te puedo decir que somos en AEVA 300 asociados. Bodegas sí que sé que son 45, pero no sé el número exacto de empresas de pizarra y de otros tipos de empresas, que hay muchas.**

5. ¿Qué valoras más a la hora de contratar un empleado? *Rodri*

**Nunca se sabe. Sé lo que a mi me gustaría; otra cosa es que acierte, porque allí hay un perfil humano que no conoces hasta que empiezas a trabajar con él. El hecho de que sepa trabajar en equipo es fundamental; que no le den miedo los errores. Valoró cómo se enfrenta al error, admitiendo que lo es y dando una solución y sobre todo la labor en equipo, esto es que tu trabajas más pensando cuál es tú responsabilidad que estar mirando**  
**Lo que otro hace, conocer las debilidades de tus compañeros para poder suplirlas, y ser consciente de tu trabajo es más importante que el mío propio.**

6. ¿A qué función de dirección -planificar, organizar, ejecutar o evaluar- dedica más tiempo y esfuerzo? *Rodri*

**Cuando yo entré en Godeval, me ocupaba el 90% del tiempo la organización, ya que si no te organizas, no puedes planificar. Actualmente, al ya tener un equipo organizado, con una función para cada empleado, no es tan necesaria, ya que prácticamente se organizan solos. En resumen, al empezar en una empresa, la organización es fundamental. Una vez que todo está organizado, queda planificar, y al mismo tiempo evaluar.**

7. ¿Crees que el hecho de ser mujer puede dificultar el dirigir una empresa?  
*Desi*

**Sí y no, depende de la mano izquierda que tengas, pero también lo tienen complicado los hombres. Tú tienes dos maneras de dirigir una empresa: ser impositivo y estricto o organizar a la gente conociendo sus debilidades y sus fortalezas.**

**Yo sé que hay empresas donde las mujeres lo tienen difícil; en mi caso, alguna vez he tenido algún problema, pero el truco está en no ofenderse, cuanto menos te ofendas, más terreno ganas.**

8. ¿Siempre evalúa los resultados de sus trabajos para mejorarlos en el futuro? *Alba*

**Sí, tienes que evaluar, más que saber tus éxitos tienes que conocer tus errores. No es un problema tener errores, el problema es cómo te enfrentas a los errores. Los éxitos si tu eres bueno en algo los haces, pero de lo que aprendes es de los errores. Por ejemplo, en Estados Unidos valoran mucho el hecho de que tú hubieras tenido un fracaso y que te hayas levantado otra vez. Y ahí está la fuerza de la gente: cómo es capaz de admitir los errores y corregirlos. Es fundamental.**

9. Teniendo en cuenta su experiencia, ¿nos anima a emprender o cree que tendríamos mejor futuro contratados en una empresa? *Rodri*

**A nivel estado necesitamos que haya emprendedores. Yo creo que hay un error en la educación en este país, donde nos educan con esa seguridad de que seremos más felices siendo un empleado, y no siempre es así. El futuro es la capacidad emprendedora que los jóvenes tengan.**

**Para emprender, el empresario tiene un riesgo y los riesgos son menores cuanto más informado estés y cuando las decisiones las tomes con la mayor cantidad de información posible. Lo que sí está claro es tener información, saber en lo que te gustaría trabajar y que los riesgos disminuyen siempre que tú tengas cada vez más información a la hora de tomar una decisión.**

10- ¿Está a gusto en su actual responsabilidad laboral? *Desi*

**Sí. Me arrepiento de no haber empezado desde un principio, porque yo estudié porque me gustaba todo el trabajo de extensión agraria, que para mí es uno de los organismos que más ha aportado a la sociedad en un momento muy complicado para el campo.**

**Yo dije en aquel momento: «el mundo del vino». Mi padre me dijo que esto era pequeño y que me buscarse la vida. Entonces yo tengo dos ventajas: que yo he trabajado en sectores muy diferentes y todos me han aportado algo. Pero quizás me hubiera gustado entrar en Godeval antes para haber disfrutado, por ejemplo de la producción.**



## **A MIÑA MASCOTA**

### **O MEU CAN TOBI**

O meu can chámase Tobi, ten 6 anos e é de caza. É un can moi activo cando sae a pasear non para de moverse, encántalle meterse nos charcos e mollarse coma un pito. Se queda só na casa e nos escoita chegar non para de chorar de ledicia, move o rabo e comeza a ladrar para chamar a nosa atención, pola noite míranos con ollos tristes sobre todo cando pensa que imos para a cama. Tobi semella un raposo, ten as orellas e o fuciño moi afiados e os ollos cor castaño, é un can non moi grande cun rabo moi longo e unas unllas afiadas coma coitelos.

Só podo dicir que me encanta o meu can!

MIRIAM 4º PRIMARIA



### **A MIÑA MASCOTA MAX**

Max é a miña mascota , é un can de raza de raza Bóxer que acaba de cumplir un ano. Como aínda é un cachorriño só pensa en xogar e esnaquizar todo o que atopa pola casa. Tamén é moi protector, o outro día xogando co meu irmán ao boxeo Max púxoselle a ladrar para intentar protexerme.

Quero moito ao meu can é moi especial para min compartir o meu tempo con el.

ASHLEY 5º PRIMARIA

## I CONCURSO DE DIBUJO DEL CLÚSTER DE LA PIZARRA


Este curso, el departamento de Plástica del CPI Tomás Terrón Mendaña, participó en el primer certamen del Concurso de Dibujo organizado por el Clúster de la Pizarra.

Las bases del concurso eran claras, que los participantes realizasen dibujos con los que se mostrara la importancia de la pizarra en la comarca de Valdeorras.

Para el dibujo se podían utilizar medios clásicos (lámina de dibujo y lápices) o medios informáticos.

Desde el departamento se optó por ambas posibilidades. El alumnado de plástica de 1ºESO tendría que realizarlo a mano, y el alumnado de plástica de 3ºESO, utilizando medios informáticos.

El resultado fue, que se presentaron un total de 18 trabajos al concurso, muy elaborados y con muchas posibilidades de éxito.



Y así llegó el día que se anunciaron los premiados. Nuestro centro había recibido 2 de los 3 premios que se otorgaban.

El segundo premio del concurso, dotado con 150 euros, se lo llevó el dibujo que presentó el alumno de 1ºESO Kevin Fernández.

El tercer premio, de 50 euros, se lo llevó el diseño que presento el alumnos de 3ºESO Jorge Juan Gutierrez.

El primer premio fue para el dibujo de una alumna del IES Martaguisela de O Barco.

El jurado del concurso informó del alto nivel de los dibujos presentados así que les damos la ENHORABUENA a los participantes por su trabajo.



## **VISITA A LAS PIZARRAS "LOS TRES CUÑADOS"**

El departamento de Tecnología junto con el de Orientación organizó el pasado 20 de Noviembre una visita a la empresa pizarrera de LOS TRES CUÑADOS situada en Casaio.

Dada la importancia que tiene el sector de la pizarra en la comarca de Valdeorras, desde el CPI Tomás Terrón Mendaña consideramos que nuestro alumnado tiene que ser conocedor de este tipo de industria, ya que probablemente, su futuro esté vinculado de una manera u otra, con este sector.

La visita se organizó con el alumnado de 3º y 4º de la ESO y tuvo lugar a lo largo de la mañana.

Nos recibieron en el comedor de la empresa y uno de los gerentes nos explicó en qué iba a consistir la visita.



A continuación pudimos ver *in situ*, todos los procesos de trabajo que se desarrollan en una pizarrera. Nos mostraron **la extracción, serrado, corte, labrado, selección, paletización, logística y transporte.**

Al alumnado le gustó observar la pericia, exactitud y precisión de los trabajadores para dar forma a la pizarra. Pudieron contemplar tanto a los que emplean la más moderna maquinaria de serrado o corte, como a los labradores que, de manera artesanal, van separando una a una cada pizarra que, posteriormente, se procesa para su comercialización.

Después de ver todo el proceso, volvimos al comedor, donde se finalizó la visita haciendo incapié en la importancia de que los chicos y chicas se formen y estudien para poder desarrollar después, buenos trabajos y en buenas condiciones.

En la organización de la visita también participó el CLUSTER DE LA PIZARRA DE GALICIA, que le regaló a cada uno de los alumnos, un pizarrín (una tablet antigua), como el que usaban nuestros antepasados en las escuelas.

Por último, las cocineras de la empresa nos deleitaron con un almuerzo estupendo, del cual dimos buena cuenta, ya que no dejamos ni las migas.



## COÑECEMOS A...

**Nome e apelidos:** Juan José Prieto Villoria

*A túa cor preferida: **Amarela***

*Unha película: **A paixón de Cristo (Mel Gibson)***

*Un libro: **A biblia***

*Un animal: **Gato***

*Un lugar para perderse: **Val do silencio***

*Un deporte: **Camiñar***

*Cantante ou grupo musical: **Ana Belén***

*Comida favorita: **Tortilla de pataca con cebola***

*Praia ou montaña: **Montaña***

*Número favorito: **Sete***

## COÑECEMOS A...

**Nome e apelidos:** Marcos

*A túa cor preferida: **Azul***

*Unha película: **Martín H***

*Un libro: **Confieso que he vivido***

*Un animal: **Perro***

*Un lugar para perderse: **Unha Praia do Caribe***

*Un deporte: **Xudo***

*Cantante ou grupo musical: **Extremoduro***

*Comida favorita: **O botelo***

*Praia ou montaña: **Praia***

*Número favorito: **17***

## COÑECEMOS A...

**Nome e apelidos:** Laura Abuín

*A túa cor preferida: **Branco***

*Unha película: **A vida é bela***

*Un libro: **A fábrica de fronteiras***

*Un animal: **Can***

*Un lugar para perderse: **A casa dos meus pais***

*Un deporte: **Tenis***

*Cantante ou grupo musical: **MUSE***

*Comida favorita: **Pizza***

*Praia ou montaña: **Praia***


*Número favorito: **7***

**Ilustración: CLARA 2ºESO**




## **FEITOS CURIOSOS**

- 1- A frecuencia cardíaca dunha balea azul cando está sumerxida é de 2 latexos por segundo.
- 2- O sol ten 109 veces o diámetro da terra.
- 3- Neptuno tarda 165 anos en dar una volta completa ao sol.
- 4- No deserto de Irán é onde se rexistrou a temperatura máis alta na superficie do planeta 70 °C.



5-A cordilleira dos Andes é a más longa do planeta con case 7000 km.




6-O dinosauro carnívoro más grande atopado ata agora é o SPINOSAURUS, pesaba entre 6 e 7 toneladas e media uns 15 metros.



## CITA A CEGAS

Este 23 de abril do ano 21 celebramos o día do libro. Foi un gran acontecemento, xa que organizamos unha cita a cegas. Cada un dos participantes tivo que escoller un libro previamente empaquetado.

Despois do paso do tempo, podemos confirmar que esta actividade contribuíu a formalizar relacións sólidas entre os alumnos e a lectura!.



## DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

O 24 de febrero lembramos a Rosalía de Castro , muller de referencia das nosas letras. A forza das súas palabras o sentir das vivencias persoais e a identificación co noso idioma deixaron pegada na obra desta escritora senlleira de Galicia. Os alumnos de 1º de Primaria crearon unha serie de actividades para celebrar este día, un exemplo é un xogo semellante a “quen quere ser millonario” que divertiu moito ao alumnado. Velaí tede parte das ilustracións que fixeron.



## **DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

Hoxe 19 de maio celebramos o día das letras Galegas. Este ano están dedicadas á escritora lucense Xela Arias. Ten que ser un día de festa para todos os Galegos e Galegas, pero tamén un día de reivindicación, e cando falamos de reivindicación é que hai algo que non vai ben. O Galego temos que coidalo, poñelo en valor, pero sobre todo usalo. Dende Arteixo ata A Guarda, dende Burela ata Valdeorras para que o Galego teña futuro:

**EMPREGUEMOS O GALEGO!**

Jorge Juan, alumno de 3º da ESO falou un anaco da vida e obra da homenaxeada deste ano, XELA ARIAS.

Os alumnos más cativos fixeron as súas creación a partires dos contos:

- ***Imos traballar e na cociña***

O alumnado de 1º de Primaria fixeron debuxos do conto:

- ***A fraga dos paxaros voadores e a fraga Leopardicia.***

O alumnado de 2º e 3º de Primaria contaron :

- ***O avó Pedro baixaba na bicicleta.***

O alumnado de 4º 5º e 6º de Primaria interpretaron:

- ***Na cociña.***

Pasamos despois á parte de poesía da nosa autora.

-Sergio de 1º da ESO, ***As teas conformándose na paisaxe.***

-Aroa, de 2º da ESO, con ***Norte do meu Sur.***

-Uxía de 3º da ESO, recitou ***Nocturnidade.***

E por último Marcos de 4º da ESO leu o poema ***Independencia 2.***

Dicía Carvalho Calero escritor homenaxeado o ano pasado que "**a língua Galega ten que ser a língua normal dos galegos**".

Moitas grazas a todos e todas pola vosa participación e ata o ano 2022.



## **I TORNEO DE PIN PON**

Durante os meses de maio e xuño tivo lugar no pavillón do CPI Tomás Terrón o I torneo de pin pon más competido da historia, donde os profes e o alumnado mostramos todas as nosas habilidades neste deporte. Sempre coas medidas sanitarias **disfrutamos do deporte**, aquí tedes unhas imaxes.



## **RAFTING NO MÍTICO RÍO SIL. O RÍO DO OURO**

Temos a sorte de vivir á beira deste fermoso río, que ven dende as montañas cantábricas e chega ós Peares, onde se xunta coas augas do río Miño. O río da a vida ó val de Valdeorras, refréscanos, permítenos vivir aquí, ter esta natureza tan espectacular.

Baixar en balsa polo río é unha das actividades na natureza más interesantes que se poden facer; traballo en equipo, desfrute, vivencia íntima co ecosistema; flora, fauna e auga.

Os días 8 e 9 de xuño fixemos ese rafting que tiñamos pendente. E resultou ser un gran éxito a todos os niveis. Pasámolo moi ben, todos os participantes estivemos a tope, remando, dirixindo a balsa, nadando. O guía da actividade; Iván, levounos polo bon camino e chegamos ó paseo do malecón do Barco sen ningún percance, grazas ó traballo en conxunto de todas e todos.

So nos queda esperar á seguinte baixada, e desfrutar co vídeo que recolle as mellores estampas deses días, que xa está recollido no blog de E. física: cipisobradelof e en youtube.



## **ANDAINA POLO RÍO GALIR**

O venres, día 4 de xuño, todas as nenas e nenos de primaria fixemos unha expedición polo río Galir. Como guías ían Adriana, Gemma, Sabrina, Susana e como convidado o profe Miguel.

Saimos dende o colexio en autobús ata Éntoma. Alí, á beira da ponte medieval pola que pasa o Camiño de Santiago, empezamos a andar.

En total camiñamos 6 kilómetros pola beira do río. O día foi perfecto; sol, luz fermosa, non demasiada calor. Os camiñantes fixerono moi ben, organizáronse de maravilla, desfrutaron observando unha natureza radiante: paxaros, flores aromáticas, troitas no río... mesmo houbo tempo para cantar algúna canción e facer algún xogo.

Os bocatas e a froita papáronse axiña, sentados ó redor dunha fonte xa preto da Veiga de Cascallá. Á unha do serán estabamos de volta en Éntoma, onde collemos o autobús de volta ó colexio.



## **ESTRUCTURAS RESISTENTES**

El alumnado de 2º ESO en la asignatura de Tecnología, realizó el proyecto de una estructura resistente a base de tubos de papel.

Para que la estructura aguantase bastante peso, se utilizaron las formas triangulares, ya que son las que mejor resisten los esfuerzos.

Todas las estructuras que construyeron aguantaron su propio peso, que era el objetivo del proyecto.

Después de comprobar su efectividad, las pintaron a su gusto y se las llevaron de recuerdo a sus casas.

Muy buen trabajo!!! Enhorabuena!!!!



## **EL GUERNICA DE SOBRADELO**

El alumnado de 3º ESO en la asignatura de Educación Plástica, realizó una réplica de uno de los cuadros más famosos del mundo, El Guernica.

La composición se llevó a cabo repartiendo el trabajo en un total de 21 lienzos. Cada alumno tuvo que trabajar dos lienzos, y finalmente, la unión de todos, formó el denominado *Guernica de Sobradelo*.

Este trabajo quiere remarcar la importancia que tiene el colaborar en equipo para lograr grandes objetivos y conseguir buenos proyectos.

Y por supuesto, el Guernica de Sobradelo es un llamamiento a la Paz y al rechazo total del horror que provocan las guerras.

El trabajo final se puede observar en la entrada del edificio viejo del colegio.

Enhorabuena a los alumnos de 3º ESO por el gran trabajo realizado!!!!!!



## **ROSALIAS AL ESTILO ANDY WARHOL**

El alumnado de 1º ESO en la asignatura de Educación Plástica, realizó un mural formado por 9 lienzos en los que cada uno de ellos tuvo que dibujar una Rosalía de Castro. Cada uno pintó la suya con diferentes colores para realizar una composición al puro estilo *Pop Art*.

Los chicos y chicas disfrutaron mucho de este trabajo ya que algunos experimentaron por primera vez el pintar sobre lienzo, usar pinceles, mezclar colores, utilizar caballetes.....

El trabajo final se puede contemplar al lado de la ventana de la secretaría del centro.

Enhorabuena a tod@s por el gran trabajo realizado!!!!



## **GUTI MALABARISTA**

Para finalizar o curso nada mellor que unhas doses de humor, malabarismos e maxia, todo concentrado no xoven artista Valdeorrés Guti González que nos visitou o día 21 de xuño.

Os más pequenos e os que non somos tan pequenos pasamos momentos moi divertidos, aquí tedes unhas imaxes que así o demostran.



## **DESPEDIDA ALUMNOS DE 4º ESO**

En septiembre de 2018, llego al C.P.I Tomás Terrón Mendaña, en Candís y salgo cambiada, centrada en seguir estudiando y queriendo cumplir mis objetivos. Aunque me han hablado varias personas de este instituto, (bastante bien hay que decirlo) para mi es algo nuevo. Llego siendo una cría de 14 años, con la tontería de la edad del pavo y pasando de los estudios. A medida que va avanzando el curso, me voy dando cuenta de todo el esfuerzo que están haciendo para que me enderece, y eso consiguieron. Lo bueno de este sitio es que al ser tan pocos, les coges cariño a todos, más o menos pero siempre está esa pequeña confianza que por ejemplo en otros sitios no pasa. Quiero destacar a varios profesores y a varias personas que gracias a Candís tengo el placer de conocer, a los cuáles echaré de menos y bastante.

Miguel, el profesor de E.F más inquieto y gracioso que he conocido, siempre suelta alguna burrada para que te rías, y en el comedor es bastante generoso. :) Mi queridísima Laura, no sé como se puede ser tan alegre y tan buena, y sobretodo tener la paciencia que tiene, gracias por hacer que me interese la historia. Marcos, de él quiero destacar lo bueno que es, el hecho de entrar a su clase y que nos diga: "Buenos días chicos, ¿Qué tal estáis?", todos los días, y sobre todo la paciencia que tuvo con el audacity . Carrón, el profesor que me ha enseñado a llevar un orden y una buena presentación, que a pesar de su torpeza tiene un gran sentido del humor, y hace que las clases se pasen volando y encima se entiende bastante bien, gracias por tu exigencia, sé que será bastante útil en un futuro. David, nuestro gran jugador de pin pon, gracias por todos los consejos y risas en clase, eres un grande Deiviz. Pablo, que aunque esté dando clase en otro sitio, sus vaciles y bailes no se olvidan nunca. Juan, su increíble sentido del humor. Juanjo, que su infinita paciencia es admirable. María, que siempre está pendiente de que estemos bien., Luisa, que hace muy divertidas las clases de Inglés. Xema, nos demuestra el gran talento de la literatura gallega. Berta, a ti quiero agradecerte todas las charlas y todos los momentos que me ayudaste, ya sin contar temas de clase. Y a mis preciosas Mila y Teresa, que hacen las mejores croquetas que pueden existir. Y me llevo personas increíbles: Mi Uxía, mi Pedrito, Hugo San Juan, Pablo, Jesús, Valeria, Marcos...

Sinceramente, es un texto bastante grande pero es que soy muy sentimental. :) Gracias por TODO y Hasta Siempre.

Bueno la verdad es que el tiempo que he estado aquí me lo he pasado muy bien con altibajos como todo el mundo. Pero la verdad que aquí se está muy cómodo y los profesores no son todos malos. Lo cierto es que voy a echar de menos tanto la comodidad que hay aquí comparado con otros centros como mis compañeros que se quedan aquí sobre todo porque aquí encontré a gente que es muy especial para mí.

Pablo

A finales de Junio se acaba un curso, pero este año es diferente para mí porque termina la ESO. Me voy felic con muchos buenos recuerdos y ánimos por parte de compañeros y profesores, unos mejores que otros. Echaré un poco de menos este centro ya que lleva 24 años aquí, pero bueno algún día vendré a hacer una pequeña visita. Hasta pronto.

Jonny

Quería despedirme diciendo as cousas boas que tiven neste centro:

Estiven pouco tempo, pero deume tempo a conocer a xente, e probar experiencias desde outro punto de vista, no instituto que estaba antes, éramos más, e eso dificultaba algo as cousas, por exemplo, hai máis conflitos, e si te deixas ir polas amizades, non fai nada bon.

Quérrome despedir diciendo que estiven moi a gusto neste centro, tanto polos profesores coma polos compañeiros, tívome unha gran alegria de este centro. Volverei por aquí, xa que me gustou a maneira de que me trataron. Por último unha mención especial ó servizo de comedor no que comí moi ben.

Ata sempre!

Marcos Tato.

Cuando me vaya de aquí, echare de menos mirar a la ventana y ver la casa que normalmente me inspiraba. Echaré de menos la atención de la dirección, que me dio confianza en ella para cualquier situación sea o no del centro.

También a esos profesores que intentan ayudar quitándoles trabajo o dandoles otras alternativas buenas de las comidas y de las limpiezas que son verdaderas y bondadosas.

Echaré de menos cada uno de mis profesores que me trataron con seguridad. También las conversaciones con mis compañeros que espacio volver a ver. El centro es pacífico y está alejado, centrado en la naturaleza. No es mal centro, ni tampoco tienen malos profesores.

Aprovechad las oportunidades que os dan. Alumnos.

Danyane

## **ATA SEMPRE LUIS**

Este papel en branco paréceme agora mesmo un horizonte sen límites. Con todo, gustaríame encher este espazo coas palabras que mellor expresen o vivido, agora que chego ao fin desta viaxe. Vai case vinte anos, crucei as portas do CPI Tomás Terrón Mendaña cunha idea moi diferente do que ía ser o meu paso por aquí; por sorte o que ía ser unha etapa máis na miña traxectoria, converteuse nunha das partes más importantes da miña vida. Por que? Porque as persoas coas que convivín todos estes anos ligáronme con forza a este recuncho especial. Non as vou nomear porque *Candís* -a revista- reservoume un espazo limitado e preferiría facelo en persoa, pero coido que o saberán. Grazas a aqueles compañeiros que xa seguiron outros rumbos e que foron os meus mentores na miña aterraxe en Valdeorras e no traballo cotián. Grazas a aqueloutros e aquellotras que fun atopando ao longo dos cursos e dos que teño aprendido, que me teñen inspirado ou que me agasallaron con grandes vivencias: entre eles e elas conto cun feixe escollido de amizades. Grazas, como non, aos que estiveron comigo desde o principio - colegas no máis estrito sentido da palabra- e que sempre se mantiveron ao meu carón cando precisei do seu apoio, aínda que non sempre concordásemos na nosa visión das cousas. Grazas, así mesmo, ás compañeiras da cociña, da limpeza e da administración polo seu respecto e a súa paciencia. E, por suposto, grazas ás ducias de alumnas e alumnos, nais e pais que depositaron a súa confianza no meu traballo e aos que agardo non ter decepcionado coa miña actuación. Eles deron sentido á miña tarefa aquí e con eles me sinto en débeda.

En definitiva, son todas esas persoas as que converteron a este centro tan especial nunha parte tan importante da miña vida que xa non é posible explicarme sen el. De todas recibín a estima e a humanidade que conseguiron que me sentise parte dunha verdadeira comunidade: unha comunidade á que sempre me sentirei ligado e da que nunca me despedirei de todo.

Ata sempre.





Todo esfuerzo ten a oia recompensa  
COMENZAN AS VACACIONES!!!

